

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA QUE CELEBROU A XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 25/01/2018, EN 1ª CONVOCATORIA.

ASISTENTES

ALCALDE

José Marcote Suárez

TTES. DE ALCALDE

Xan Carlos Sar Oliveira
Soledad Vilela Romero
Teresa Fernández Martínez

SECRETARIO

José Ramón Lema Fuentes

ASUNTOS

- 1º.- Aprobación, se procede, borrador acta da sesión anterior.-
- 2º.- Actos edificación e uso do Solo.-
- 3º.- Subvención Xunta de Galicia Axudas Fomento Emprego ano 2018.--
- 4º.- Subvención contratación Persoas Exclusión Social ano 2018.-
- 5º.- Asuntos varios.-

Na vila e Termo municipal de Fisterra, Partido Xudicial de Corcubión ás **19:00** horas do día **25/01/2018** reúnense no salón da Alcaldía, ós Sres. e Sras. que arriba se expresan, ós fins de celebrar a **sesión extraordinaria** da **Xunta de Goberno Local** en primeira convocatoria.

1º.- Aprobación, se procede, borrador acta sesión anterior.-

Sometida a votación a do día 11 de Xaneiro de 2018 é aprobada por unanimidade dos asistentes.--

2º.- Actos edificación e uso do Solo.-

COMUNICACIONES PREVIAS DE OBRAS

- “Vista a Comunicación Previa presentada por parte de JUAN RAMÓN BALDOMAR OBELLEIRO, veciño de Fisterra (Rexistro de Entrada número 3.321 de 13/11/2017) para proceder á realización de obras consistentes na Construción dun Peche entre parcelas con pedra en 50 cm e de malla metálica en 1,50 metros de altura a emprazar na citada localidade con referencias Catastrales 15038B501001980000UF e 15038A020000150000FL .-

Resultando que o informe emitido pola Arquitecta que presta servizos en materia urbanística de data 14 de Novembro de 2018 determina que será precisa a autorización do organismo competente en materia de ordenación do territorio e paisaxe, e dado que a mesma é favorable segundo a comunicación efectuada o día 15/01/2018 pola Consellería do Medio Ambiente e Ordenación do Territorio en expediente IET: P-17-599,

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

- “Vista a Comunicación Previa presentada por parte de **ALEJANDRA BENLLOCH RIVAS**, veciña de Fisterra (Rexistro de Entrada número 186 de 22/01/2018) para proceder á realización de obras consistentes en tirar un tabique no 2º piso e tirar dous tabiques no 1º piso co motivo da ampliación de habitacións e baños existentes nunha edificación (Parcela Catastral 8610610MH7581S0001KU),

Resultando que o informe emitido pola Arquitecta que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 23 de Xaneiro de 2018, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

- “Vista a Comunicación Previa presentada por parte de **JULIO ROMERO LIÑEIRO**, veciño de Fisterra (Rexistro de Entrada número 133 de 15/01/2018) para proceder á realización de obras consistentes na limpeza do tellado nunha edificación (Parcela Catastral 8607901MH7580N0001XT),

Resultando que o informe emitido pola Arquitecta que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 23 de Xaneiro de 2018, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de JOSÉ VALDIVIESO SIXTO, veciño de Fisterra, (Rexistro de Entrada 138 de 15/01/2018) para proceder á realización das obras que son necesarias co motivo da conexión do servizo de auga potable conectando coa rede de abastecemento municipal que pasa pola zona con destino a unha vivenda unifamiliar (Referencia Catastral 000301300MH75D0001FQ),

Resultando que o informe emitido pola Arquitecta que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 24 de Xaneiro de 2018, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais; condicionada a que:

a.-Deberá informar ao Concello acerca do día de comezo das obras (mediante escrito por Rexistro de Entrada) para que deste xeito a empresa que leva o mantemento da rede municipal de abastecemento poida concretar xunto coa propiedade o lugar no que se producirá o entronque coa rede de abastecemento.

b.-A acometida consistirá nunha tubaxe de polietileno de diámetro 32mm (1”) en 16 atmósferas de presión, con collarín e banda de aceiro inoxidable, machón de bronce e válvula de cuadradillo de bronce e o enlace de latón para unir válvula con tubaxe de acometida.

c.-Executarase unha arqueta non rexistrable de ladrillo macizo de dimensións aproximadas de 30cm x 30 cm, para aloxamento da válvula. A parte superior da arqueta executarase cunha lousa de formigón de espesor 4cm, cun orificio troncocónico (para impedir a caída da tubaxe de PVC ao interior da arqueta). Sobre esta tapa encaixarase unha tubaxe guía cunha tubaxe de rexistro en PVC de 90mm, serie C, ata 10 cm antes da rasante do pavimento, para que o rexistro non apoie no tubo guía. Como remate colocarase unha tapa de rexistro (de fundición de diámetro de 20 cm) enrasada co pavimento, con indicativo “Augas de Fisterra”, e frecha de sentido de fluxo de auga.

d.-Colocarase un contador homologado de 13 mm no límite entre o espazo público e o privado.

e.-O interesado comunicárase coa empresa do servizo de abastecemento de auga, para que por esta se efectúe a correspondente conexión á rede pública e para que, no caso de que a obra de acometida implique uso do solo ou subsolo de dominio público municipal, se executen ou dirixan as obras neste tramo pola dita concesionaria.

f.-A reposición do firme farase co mesmo material que o pavimento orixinal.

Co fin de garantir a reposición do firme presentarase ante este Concello unha Fianza de Trescentos euros (300 €) .-

1- “Vista a solicitude de licenza presentada por parte de JUAN FRANCISCO BOULLOSA MARCOTE e FELIX SÁNCHEZ ORTEGA, veciños de Fisterra (Rexistro de Entrada número 1 de 2/01/2018) para proceder á Segregación de Parcelas emprazadas na Rúa Potiña desta Vila con Referencias Catastrales 8406425MH7580N0001FT, 8406451MH7580N0001YT, 8406426MH7580N000MT e 8406424MH7580N0001TT, (unha parte dentro de Solo urbano do núcleo de Fisterra (Ordenanza de edificación extensiva) e a outra como Solo Apto para Urbanizar, actualmente Solo Rústico de conformidade co disposto na Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do solo de Galicia,

Examinado o informe emitido pola Arquitecta que presta servizos en materia urbanística de data 23/01/2018 que consta no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda:

1.- Declarar a innecesariedade da licenza prantexada polos interesados, en base ó disposto no Art. 150.6 apartado c) da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia.

2.- Notificar este acordo ós promotores para o seu coñecemento e demais efectos.

Á vista da solicitude formulada por parte do promotor, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda :

1) Entender vixente a Licenza urbanística outorgada na sesión do día 5 de Novembro de 2015 co seguinte contido :

A GABRIEL FÁBREGAS SANTOS, veciño de Fisterra, para proceder á Reforma e Ampliación dunha edificación coa finalidade de destinala a carpintería metálica, debendo axustarse na súa totalidade ó Proxecto Básico e de Execución redactado a tal efecto polo Arquitecto, F. Ramón García Martínez, visado con data 28/09/2015 e Proxecto de Implantación da Enxeñeira Técnica Industrial Dona Ana M^a Cruz Carro de data 24/09/2015 que constan no expediente; condicionada a que:

1) Antes do comezo das obras, deberán identificarse mediante o correspondente nomeamento o axentes da edificación participante que non se teñen identificado.

2) En aplicación no artigo 19º.-a) da Lei 9/2002 e o indicado nas Disposicións Transitorias da Lei 9/2002, en canto á aplicación das NN.SS, a normativa obriga ó propietario costear os gastos de urbanización precisos para completar os servizos urbanos e regularizar as vías públicas, executar as obras necesarias para conectar coas redes de servizos e viaria en funcionamento e ceder gratuitamente ó Concello os terreos destinados a viais fóra das aliñacións establecidas no planeamento. Resulta preciso tendo en conta as aliñacións fixadas no correspondente plano das NN.SS a urbanización da fronte da parcela.

3).-En aplicación do indicado no artigo 24.2º da Lei 9/2013 deberá presentarse comunicación previa de inicio da actividade para que por parte do Departamento de Urbanismo, se xire a oportuna visita á instalación, acompañando a seguinte documentación:

-- Certificado final da dirección das obras debidamente visado polo Colexio Profesional correspondente.

-- Acta de recepción das obras se esta se houbo outorgado expresamente ou ben a acreditación da súa recepción tácita.

- Certificado de eficiencia enerxética do edificio rematado subscrito pola Dirección Facultativa da obra ao que debe acompañar a cualificación de eficiencia enerxética (artigo 8.7º) do Decreto 42/2009, do 21 de xaneiro, polo que se regula a certificación enerxética de edificios de nova construción na Comunidade Autónoma de Galicia.

-- Liquidación final das obras asinada pola dirección facultativa das obras.

--Certificado asinado polo técnico competente conforme que a obra executada cumpre coa normativa vixente en materia de ruídos.

-- Xustificación acreditativa de ter comezado o trámite ante a Dirección Xeral de Catastro da nova situación da edificación.

4) En cumprimento do indicado no artigo 17º.-) do RDU disporase xunto á obra de cartel indicador dunhas dimensións de 0,50 X 0,50 m. Na parte superior, na esquina esquerda figurará o escudo municipal e a continuación se lerá "CONCELLO DE FISTERRA" e debaixo desta lenda "LICENZAS URBANÍSTICAS". Baixo do encabezado figurarán os seguintes datos:

"EXPEDIENTE": 15 / 2015
"CLASIFICACIÓN DO SOLO": "Solo Urbano "-
"ORDENANZA": Edificación Extensiva OE.
"USO": "Carpintería metálica"
"NÚMERO DE PRANTAS": Planta Baixa"
"CONCESIÓN": 5/11/2015
"ÓRGANO": Xunta de Goberno Local.-
"PRAZO DE EXECUCIÓN": Tres anos
"DIRECTOR DE OBRA": -----
"DIRECTOR DE EXECUCIÓN":-----
"CONTRATISTA": -----

O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, non poderán interromperse as obras por un prazo superior ós seis meses, comezándose a computar a partir do día seguinte ó de recibo desta notificación.

Toda vez que non existe Expediente de Caducidade da Licenza nin cambio na normativa urbanística que dou lugar a mesma.-

Este acordo adóptase sen a presenza da Tenente de Alcalde, Teresa Fernández Martínez polo seu parentesco co promotor .-

3º.- Subvención Xunta de Galicia Axudas Fomento Emprego ano 2018.--

-- Á vista da Orde de 12 de Decembro de 2017 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais publicada no Diario Oficial de Galicia número 8 de data 11 de Xaneiro de 2018, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda :

1) Aprobar o Proxecto redactado para prestación do seguinte :

Servizo Municipal

NÚMERO	DENOMINACIÓN	IMPORTE	PERÍODO
6	Socorristas de praia	25.158,60 €	3 meses

2) Solicitar da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, unha Subvención por importe de Vinte e cinco mil cento cincuenta e oito euros con sesenta céntimos (25.158,60 €) para financia-los soldos e cotas á Seguridade Social do persoal desempregado equivalente o 100% dos servizos.-

4º.- Subvención contratación Persoas Exclusión Social ano 2018.-

-- Á vista da Orde do 12 de Decembro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras para concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de

exclusión social perceptoras de Renda de Integración Social de Galicia (RISGA) publicada no Diario Oficial de Galicia número 9 de data 12 de Xaneiro de 2018, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda :

1) Solicitar da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, unha Subvención por importe de Trinta e dous mil catrocentos setenta e oito euros con vinte e cinco céntimos (32.478,25 €) para financia-los soldos e cotas á Seguridade Social do persoal beneficiario equivalente o 100% dos servizos que se indican e cunha xornada do 75 %:

Número	DENOMINACIÓN	IMPORTE	PERÍODO
5	Peon Servizo Múltiples	32.478,25 €	7 meses

2) Remitir certificación deste acordo a citada Conselleria xunto coa documentación prevista no Artigo 5.5 da citada Orde.---

5º.- Asuntos varios.-

SUBVENCIÓN DIPUTACIÓN ANIMADORA CULTURAL

Vista a Resolución de data 15 de Xaneiro de 2018 dictada pola Presidencia da Excma Diputación Provincial sobre Mantemento do persoal técnico en Animación Sociocultural durante o ano 2018 publicada no Boletín Oficial da Provincia número 14 de 19 de Xaneiro de 2018 e de conformidade coa Base 7ª da mesma a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda :

1º.- Participar en dito Programa, solicitando do citado Organismo a seguinte Subvención para financia-lo Mantemento do servizo que se indica:

FINALIDADE	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN
Animador cultural	17.110,50 € €	10.000,00 €

2º.- Compromiso firme de facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información que do desenvolvemento das actividais realice este Concello.

3º.- Que o Concello está ó corrente nas súas obrigas coa Axencia Tributaria, coa Seguridade Social e coa Deputación.-

4º.- Que SI se autoriza á Excma Deputación Provincial a obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acrediten que o Concello está ó corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.-

5º.- Remitir certificación deste acordo á Excma. Deputación Provincial xunto coa documentación sinalada na Cláusula 7ª das Bases reguladoras.--

CONTRATOS MENORES

OBRAS

Declarada desierta a anterior licitación pola non presentación de ofertas e ante a necesidade urxente de proceder á Substitución da Carpintería exterior do edificio denominado " O Semáforo " sito nas inmediacións do Faro de Fisterra (actualmente en réxime de concesión administrativa) que encontráanse deterioradas, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda:

1) Aprobar a Memoria Valorada para levar a cabo ditas actuacións cun presuposto de execución que ascende a cantidade de Trinta mil un euros con noventa e cinco céntimos (30.001,95 €) incluído o Imposto sobre o Valor Engadido, redactada pola Arquitecta que presta servizos no Departamento de Urbanismo desta Corporación con data 25 de Xaneiro de 2018 .---

2) Iniciar expediente por CONTRATO MENOR de conformidade co disposto nos Artigos 111 e 138 do Real Decreto Legislativo 3/2011 do 14 de Novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.-

2.- Requerir as seguintes Empresas Capacitadas para que no prazo de Cinco días hábiles (5) contados a partir do seguinte ó do recibo de esta comunicación presenten as súas ofertas, en sobre pechado ou lacrado, dacordo co modelo que se acompañará a cada licitador:

DENOMINACIÓN	DOMICILIO SOCIAL
Carlos Liñeiro Martínez	Lg/ Agrixa, 36 VILASTOSE 15124 MUXIA
Isidro Insua Nemiña y Otro S.B.	Escaselas, 10 15154 FISTERRA
Fillos de Andrés S.C.	Localidade de Sixto s/n 15153 FISTERRA

Asimesmo no mesmo prazo deberán presentar a seguinte Documentación:

- Código de Identificación Fiscal.-
- Declaración responsable de que a Empresa non está incurso en ningunha das prohibicións para contratar ou incompatibilidades establecidas nos Artigos 146 e 60 do citado texto legal.-

- Certificación de estar ao corrente coas súas obrigas coa Seguridade Social.-
- Certificación de estar ao corrente coas súas obrigas coa Facenda Pública.-
- Compromiso de axustarse na súa totalidade as características do material previsto na Memoria Valorada.-

CONTRATO PRESTACION SERVICIOS RECTIFICACION INVENTARIO MUNICIPAL

Considerando que é necesario e idóneo para cumprir os fins e intereses municipais nos termos establecidos no Artigo 22 do Real Decreto Legislativo 3/2011 de 14 de Novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público e

Aprobado o gasto con cargo á Partida 920.227.06 do actual Presuposto prorrogado, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda :

1) Adxudicar mediante Contrato Menor a prestación dos servicios de consultoria e asistencia para levar a cabo os traballos de Rectificación do actual Inventario de Bens Municipais en favor da Empresa Capacitada PROCAT INGENIERIA Y MEDIO AMBIENTE S.L. con CIF B27712751 e domicilio social na Rúa Damas Apostólicas, 17 Oficiña 201 - 204 da localidade de NIGRÁN, Provincia de Pontevedra (Código Postal 36370) por un importe de Dezasete mil oitocentos euros (17.800,00 €) e Tres mil setecentos trinta e oito euros (3.738,00 €) do Imposto sobre o Valor Engadido, de conformidade co disposto nos Artigos 111 e 138.3 do Real Decreto Legislativo 3/2011 do 14 de Novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contartos do Sector Público.-

2) Notifíquese esta acordo ó adxudicatario facéndolle saber que ditos traballos deberáanse levar a cabo baixo á dirección do Concello de Fisterra e axustarse na súa totalidade á Memoria Técnica redactada ao efecto que consta no expediente, rematándose no prazo máximo de Doce meses (12) contados a partir do día seguinte o de recibo da notificación.--

3) Facultáse o Sr. Alcalde-Presidente desta Corporación para proceder a sinatura de todos e cantos documentos sexan necesarios para a execución deste acordo.-

AXUDAS ECONÓMICAS

- Visto o Informe favorable emitido por parte do Departamento de Servizos Sociais desta Corporación e que consta no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder a P. B. T., veciño de Fisterra, unha axuda polo importe de Trescentos euros (300,00 €) para poder afrontar gastos de primeira necesidade, ao tratarse dunha persoa carente de medios económicos. -

- Visto o **Informe favorable emitido por parte do Departamento de Servizos Sociais** desta Corporación e que consta no expediente, a **Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes** **acorda conceder a I. M. A.**, veciña de Fisterra, unha axuda polo importe de Trescentos euros (300,00 €) para poder **afrontar gastos de primeira necesidade, ao tratarse dunha persoa carente de medios económicos.** -

- Vista a **petición** formulada por parte de **Susana Martínez Escaris**, quen, como **Directora do Colexio Nuestra Señora del Carmen de Fisterra**, solicita unha Axuda económica co motivo de levar a cabo a Excursión de Fin do Curso dos Alumnos de 4^o de ESO dende o día 4 ao 8 de Abril de 2018 a Palma de Mallorca,

A Xunta de Goberno local por unanimidade dos asistentes **acorda concederlle unha polo importe de Trescentos euros (300,00 €) debendo ser xustificadas ante este Concello antes do día 31 de Decembro de 2018.-**

- Vista a **petición** formulada por parte de **Virginia Rodríguez Alvarez**, quen, como **Directora do Instituto de Educación secundaria Fin do Camiño de Fisterra**, solicita unha Axuda económica co motivo de levar a cabo a Excursión de Fin do Curso dos Alumnos de 4^o de ESO a Jaca cunha semana de duración,

A Xunta de Goberno local por unanimidade dos asistentes **acorda concederlle unha polo importe de Trescentos euros (300,00 €) debendo ser xustificadas ante este Concello antes do día 31 de Decembro de 2018.-**

CESIÓN CONTRATO ADMINISTRATIVO PLAN XERAL

Adoptado acordo por esta Xunta na sesión do día 28 de Setembro de 2017 sobre **Autorización** concedida ó Adxudicatario actual (EPTISA SERVICIOS DE INGENIERIA S.L.) para que poidera formalizar a Cesión do Contrato de consultoría e asistencia técnica para Redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Fisterra e cartografía analítica a escalas 1/1000 e 1/2000 do Concello de Fisterra **en favor da Empresa Cesionaria ALFONSO BOTANA S.L. CIF B70531595 e domicilio social no Edificio Citic (Campus de El Viña) s/n de A Coruña, (Código Postal 15071),**

Resultando que con data 1 de Decembro de 2017 foi formalizada dita Cesión mediante escritura pública na Capital de Madrid ante o Notario Luis Jorquera García baixo Protocolo número 2.146,

Considerando que con data 24 de Xaneiro de 2018, en virtude da Resolución dictada pola Alcaldía, foron canceladas as Garantías Definitivas impostas pola Empresa IDASA, INGENIERIA DEL ATLANTICO S.A. actualmente EPTISA SERVICIOS DE INGENIERIA S.L. en Avals Bancarios polos importes de 2.761,05 € (Banco Urquijo) e 2.041,28 € de datas 1 de Marzo de 2001 e 26 de Novembro de 2003 respectivamente, tal e como se obriga e fai referencia no Expositivo III da Escritura pública antes mencionada ,

Á vista dos antecedentes, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda :

1) Aceptar a Cesión do Contrato Administrativo antes referido en favor da Empresa ALFONSO BOTANA S.L. CIF B70531595 coa finalidade de rematar a Redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Fisterra (PXOM), actualmente Aprobado provisionalmente.-

2) Notificar dito acordo ás Empresas en cuestión e a Xunta de Galicia como Administración Subvencionante para o seu coñecemento e demais efectos.--

E non tendo máis asuntos de que tratar o Alcalde-Presidente **remata a sesión, ás 20:10 horas** do día de hoxe, de todo o que como secretario, dou fe.